CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora un xuízo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas		
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Elabora conclusións argumentadas propias.	TI	80
CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación		
CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros		
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia.		
CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico e desenvólvea tendo en conta o pensamento do autor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia		
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos		
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Relaciona axeitadamente autores, épocas e teorías filosóficas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. - O pensamento revolucionario de Marx: dialéctica e materialismo histórico. - A creba do pensamento filosófico occidental. - A crítica á cultura occidental en Nietzsche. Nihilismo e transvaloración. - O existencialismo. - A analítica do ser-aí. Heidegger. - Existencia humana e liberdade radical. Sartre. - O pensamento feminista desde a ilustración. - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir.

UD	Título da UD	Duración
6	Filosofía séculos XX e XXI	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes	PE	24
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos		
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Elabora conclusións propias ben argumentadas.	TI	76
CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación		
CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros		
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia.		
CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico, desenvolvéndoa axeitadamente		
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia		
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental		
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora un xuízo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. - A crítica aos totalitarismos no século XX: da dialéctica da ilustración na Escola de Frankfurt á banalidade do mal en H. Arendt. - A creba do pensamento filosófico occidental. - Alén do suxeito da modernidade. Posmodernidade, deconstrución e pensamento feble. - O xiro lingüístico na análise dos problemas filosóficos. Wittgenstein e a filosofía analítica. - O pensamento feminista desde a ilustración. - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir. - O pensamento feminista na actualidade. - A filosofía española no século XX: do raciovitalismo de Ortega y Gasset á razón poética de M. Zambrano. - O pensamento galego no século XX.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As orientacións metodolóxicas nesta materia orientanse a:

- Espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados noutras etapas históricas mediante a planificación de contextos e estratexias de aprendizaxe que o acheguen ao seu contexto vivencial, establecendo similitudes con problemas actuais.
- Propiciar a autonomía na busca e procesamento da información para os temas tratados.
- Promover a lectura e análise de textos filosóficos e a elaboración de comentarios sobre eles que inclúan reflexións críticas argumentadas.
- Formular actividades con diferente grao de complexidade en función dos recursos cognitivos necesarios para realizalas, coa dobre finalidade de atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e

unha motivación progresiva cara a niveis de maior complexidade.

- O exercicio da composición fomentará a capacidade de determinar enfoques propios a temas tradicionais, xunto coa capacidade de establecer relacións e de argumentar, habilidades todas elas necesarias para acadala madurez intelectual.

En cada unidade utilizaranse textos (tendo en conta os seleccionados para as ABAU) e exercitaranse a comprensión e expresión do alumnado tendo de referencia o vocabulario filolóxico específico.

A metodoloxía propiciará a escoita activa do alumnado entre si tamén do profesorado.

Ao inicio de cada unidade didáctica exponerse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.

- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.

- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

Cada unidade didáctica contará cos seguintes elementos:

1. Unha selección de textos filosóficos (referencia os propostos pola CIUG).

2. Unha explicación teórica por parte da profesora para achegar os contidos.

3. Exercicio da técnica de lectura e comprensión de textos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos propios do profesorado
Videos tutoriais de apoio das explicacións e tarefas
Páxina da CIUG para os textos
Aula virtual da materia.
Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces
Libros e artigos para lectura

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos, folios para escribir e poderanse propoñer diversos documentos impresos ou audiovisuais.

A aula virtual na web do centro servira como repositorio de materias e como instrumento de comunicación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita que consistirá na lectura dun texto clásico da historia da filosofía para realizar un comentario de texto breve. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos. E especialmente coas peculiaridades dos comentarios de texto na historia da filosofía.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rasgos específicos e individuais do alumnado.

Cunha táboa de indicadores baseada na observación das dúas primeiras semanas, mediante a observación na aula e un test na aula virtual, avaliarase así mesmo a autonomía do alumnado no uso das TICs.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	13	20	13	20	14	100
Proba escrita	18	20	20	22	20	24	20
Táboa de indicadores	82	80	80	78	80	76	80

Criterios de cualificación:

Cualificarase en función dos obxectivos e competencias antes descritos.

En cada periodo trimestral de avaliación realizarase un mínimo dun exame que constará dun comentario de texto e do desenvolvemento dun tema relacionado co texto, que será cualificado mediante unha táboa de indicadores. Estes exames suporán o 80% da cualificación trimestral.

2. En cada periodo trimestral de avaliación realizaranse ademáis probas escritas tipo test, que suporán, en total, o 20% da nota trimestral.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota de cada avaliación se lle aplica a seguintes regra de redondeo: Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7 (un 4.7 ou un 4.8 se redondean ao 5).

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación será por trimestre a través dun exame de comentario e desenvolvemento dun tema. Haberá orientacións para levar a cabo o comentario e indicarse a puntuación máxima de cada parte da proba. Utilizarase a rúbrica de avaliación antes indicada.

Cando un alumno/a non acade o 5 na media aritmética das tres avaliacións parciais, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. Dado que os criterios da proba extraordinaria son os mínimos para superar a asignatura, a nota máxima que se terá en conta da avaliación extraordinaria será un 5.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía, podendo incluír algunha pregunta curta ou preguntas tipo test. Ao resultado final aplicarase o redondeo xa detallado na programación. O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

6. Medidas de atención á diversidade

O proceso de aprendizaxe ensinanza precisa ser individualizada as necesidades do alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado.

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación. Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorezo o acceso aos recursos e a convivencia. 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as

barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles. 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos. 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería. 5) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado. 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requirán modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificación organizativa ou ben doxeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que ai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras). En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, en en concreto para os que presentan diagnóstico por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia de Historia da Filosofía é un instrumento pefecto na traballo escolar común na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven espedificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) coa metodoloxía planificada será a clave.

A Historia da filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sen outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo: 1) Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. 2) - Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. 3) Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpiada filosófica	Nesta edición, a Olimpiada filosófica propón unha reflexión sobre o ocio		X	

Observacións:

Indícase a Olimpiada filosófica como actividade complementaria de referencia. Porén, dada a redución horaria que neste curso sofre a materia respecto a cursos anteriores (pasouse de catro horas semanais a tres) e a sobrecarga de materias e probas de avaliación que soporta o alumnado de 2º curso de bacharelato, o Departamento de Filosofía non considera viable a participación na mencionada actividade. Porén, o Departamento de Filosofía está aberto a colaborar nas actividades complementarias programadas por outros departamentos do IES.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das unidades didácticas resultou adecuada
Traballáronse tódolos contidos previstos

Aplicáronse tódolos criterios de avaliación
Metodoloxía empregada
As actividades realizadas desenvolvéronse de forma satisfactoria
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos foron efectivos
Medidas de atención á diversidade
Aplicáronse os protocolos previstos para a atención ao alumnado con NEAE
Clima de traballo na aula
O clima da aula tivo unha repercusión positiva na motivación e rendemento do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballouse dende unha perspectiva multidisciplinar

Descrición:

Cada indicador valorárase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultados desta avaliación recolléranse na memoria final de curso e poñeráse en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeráse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se a sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados